

A Xunta e o Colexio de Psicólogos de Galicia analizan distintos ámbitos de cooperación conxunta



Santiago, 11 de novembro de 2016.- O vicepresidente da Xunta en funcións, Alfonso Rueda, mantivo hoxe unha xuntanza coa decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Rosa Álvarez, onde abordaron diferentes temas en común e analizaron as necesidades e disponibilidades orzamentarias con respecto ao próximo ano.

Alfonso Rueda destacou o labor que leva a cabo o colexio no eido da violencia de xénero, como son o programa de atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero e para as e os menores e outras persoas dependentes que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, iniciado no ano 2004.

O programa está dirixido a aquelas mulleres que estean a sufrir ou teñan sufrido violencia de xénero, coa finalidade de ofertarlles recursos terapéuticos que lles axuden a afrontar a situación que sufriron e a reforzar a súa autoestima, ademais de ser un apoio na recuperación ou adquisición de habilidades que lles permitan lograr a autonomía e a integración na vida social e laboral, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que teñan pasado pola mesma situación.

Ademais, dende o ano 2001, Xunta e Colexio colaboran no programa "Abramos o Círculo", dirixido a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, mediante un programa de atención psicolóxica especializada e de apoio dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella, coa súa familia, e que desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade.

A maiores, Alfonso Rueda comprometeuse a reforzar a colaboración da Xunta co grupo de Intervención Psicolóxica en catástrofes e emerxencias (GIPCE), como un dos recursos necesarios para dar unha resposta psicolóxica en desastres de media e gran magnitude.